

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE GALARDOADO CO I PREMIO EUROPEO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE INNOVACIÓN

European Innovation Procurement Awards (EUIPA) 2021

O Consello Europeo de Innovación (EIC) convocou a primeira edición dos **Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación (EUIPAwards)**, que pretenden recoñecer aos compradores públicos e privados de toda Europa nos seus esforzos por promover a contratación de innovación. O **SER GAS** foi **gañador co primeiro premio na categoría denominada Innovation procurement strategy award** na que se premian estratexias a longo prazo que desencadean diferentes adquisicións de innovación, solucións e prácticas sustentables. O resultado coñeceuse durante o Cume do Consello Europeo de Innovación do 24 ao 25 de novembro de 2021 en Bruxelas.

O Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, presentou en xullo de 2021 a candidatura titulada "**O camiño galego de innovación en busca da contratación pública de solucións innovadoras para un envellecemento activo e saudable**", titulada en inglés "**The Galician innovation Journey in search of PPI solutions for active and healthy ageing**", co acrónimo "INNO-AHA SER GAS".

NOVAS RELACIONADAS

O Servizo Galego de Saúde gañador nos I premios europeos á contratación pública de innovación

O Sergas gañador nos I Premios Europeos á contratación pública de innovación

Commission announces winners of the European Innovation Procurement Awards (EUIPA) 2021

O Director do Consello Europeo de Innovación (EIC) felicita ao Servizo Galego de Saúde polo galardón do I Premio europeo de Contratación Pública de Innovación

O CAMIÑO GALEGO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS PARA UN ENVELLECIMENTO ACTIVO E SAUDABLE

INNOVACIÓN ABERTA	COMPRA PÚBLICA INNOVADORA	REXIÓN DE REFERENCIA EUROPEA
PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA Plataforma de innovación sanitaria E REDE DE NODOS DE INNOVACIÓN. LACSAÚDE REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA Pacientes, profesionais sanitarios e empresas deseñan as solucións máis innovadoras para necesidades reais.	90M.€ 13M.€ 12M.€ 5,7M.€	EIP ON AHA REFERENCE SITE no desenvolvemento, a adopción e escalado de prácticas innovadoras para un envellecemento activo e saudable. A AXENCIA GALEGA DE COÑECIMENTO EN SAÚDE É UNHA ENTIDADE PÚBLICA GALEGA CREADA COA VOCACIÓN DE CONVERTERSE NO ELEMENTO NUCLEADOR DO ECOSISTEMA DE COÑECIMENTO E INNOVACIÓN EN SAÚDE EN GALICIA. Xeración de coñecemento nos centros sanitarios, coordinando e planificando a investigación. Difusión do coñecemento que alzasen os nosos profesionais, a través da formación innovadora. Análise e síntese do coñecemento en tecnoloxías sanitarias, mediante a súa avaliación rigorosa. Transferencia do coñecemento dentro do ecosistema de saúde e cara á sociedade, a través da innovación.